

CONCELLO DE XOVE

ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2016

INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO

(Art. 168.1.e) RDL 2/2004, de 5 de marzo)



CONCELLO DE XOVE

ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2.016

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO

D. DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, na miña cualidade de ALCALDE-PRESIDENTE deste Concello de Xove, despois de ter realizados os Estados de Gastos e Ingresos do Orzamento para o exercicio 2.016, en cumprimento do disposto nos artigos 168.1.e) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e 18.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, emito o seguinte informe:

O proxecto de Orzamento para o ano 2.016 do Concello de Xove ascende, no Estado de Ingresos a un total de 6.486.600,00 euros, e no Estado de Gastos a 6.150.000,00 euros, presentándose polo tanto con superávit inicial, co obxectivo de acadar o cumprimento da Regra de Gasto a que obriga a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento é manifesta, tal e como se expón na Memoria explicativa que se adxunta no expediente.

Os ingresos correntes ascenden a 6.344.700,00 euros e os gastos correntes a 5.372.000,00 euros, de donde se deduce un aforro bruto de 972.700 euros, que coincide co aforro neto posto que non existe dotación de crédito para capítulo 9.

Ingresos correntes.....	6.344.700,00 €
Gastos correntes.....	5.372.000,00 €
AFORRO BRUTO.....	972.700,00 €
Amortizacións financeiras.....	0,00 €
AFORRO NETO REAL.....	972.700,00 €

É preciso reseñar así mesmo que se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, establecidos ambos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Conforme ao previsto polo artigo 168.1.e) expóñense a continuación as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos:

Bases empregadas para a avaliación dos ingresos.

INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

O importe total dos ingresos previstos por operacións correntes ascende a 6.344.700,00 euros e presenta a seguinte distribución por capítulos:

Capítulo	Denominación	Importe €
1	Impostos directos	3.859.700,00
2	Impostos indirectos	5.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.302.580,00
4	Transferencias correntes	1.115.000,00
5	Ingresos patrimoniais	62.420,00
	TOTAL INGRESOS CORRENTES	6.344.700,00

CAPÍTULO 1. IMPOSTOS DIRECTOS

1.1.- Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica (concepto 112)

Base empregada: O ingreso previsto ten por base a contía anual de anticipo sobre a recadación en periodo voluntario que efectúa a Diputación Provincial, entidade xestora do tributo, máis unha mínima liquidación prevista por canto a súa contía non experimenta variación susceptible de valoración.

Previsión orzamentaria: 9.700,00 €

1.2.- Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana (concepto 113)

Base empregada: O ingreso previsto ten por base fundamental a contía anual de anticipo sobre a recadación en periodo voluntario que efectúa a Diputación Provincial. Esta contía pode variar considerablemente para 2016 posto que o coeficiente de aplicación sobre a base do imposto volve ser o 0.6% no canto do 0.66% incrementado que se aplicou estes últimos anos. A esto hai que engadir a liquidación prevista de 2015 mais a recadación de exercicios pechados posto que ao tratarse de recursos tributarios cuxa xestión está encomendada á Diputación, non se contabiliza o importe do Padrón do Imposto senon o importe dos anticipos efectuados polo ente provincial, co que non figuran ingresos pendentes de cobro (a partir de 2.011, data na que se efectuou o cambio de criterio contable). A previsión de ingresos para 2015 foi de 930.000,00 mentras que se espera unha liquidación de 871.000 euros, contía igual á prevista inicialmente para 2016.

Previsión orzamentaria: 860.000,00 €.

1.3.- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (concepto 115)

Base empregada: de igual xeito que para os dous casos anteriores, o ingreso previsto ten por base a contía anual de anticipo sobre a recadación en periodo voluntario que efectúa a Diputación Provincial, entidade xestora do tributo, máis unha liquidación prevista, de 20.000,00 euros. Os dereitos recoñecidos que se espera liquidar acadan o importe de 160.000 euros.

Previsión orzamentaria: 150.000,00 €.

1.4.- Imposto sobre actividades económicas (concepto 130)

Base empregada: O importe anual do padrón para 2015 pola parte que xestiona o Concello, correspondente á actividade de Alcoa ascendeu en 2015 a 2.689.514 €, 40.000 euros menos que en 2014 e o anticipo anual que efectúa a Diputación Provincial segundo o convenio asinado, a 39.360,00 € (neste caso, non se prevé liquidación positiva, consonte á evolución durante os últimos anos). A todo isto hai que engadir o produto das cuotas nacionais e provinciais que ascende a 89.500,00 € e os ingresos por telefonía móbil, que ascenden a 15.000,00 €. Todo isto fai un total en contía aproximada de 2.835.000,00 €.

Previsión orzamentaria: 2.835.000,00.

CAPÍTULO 2. IMPOSTOS INDIRECTOS

2.1.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (concepto 290)

A previsión en concepto de licenzas de obras acaba 5.000,00 euros, 5.000,00 euros menos da prevista para 2.015. Os dereitos recoñecidos ata a data sitúanse en 15.000,00 euros.

CAPÍTULO 3. TAXAS E OUTROS INGRESOS

3.1.- Taxas pola prestación de servizos públicos básicos (conceptos 300 e 302)

Base empregada con carácter xeral: os dereitos recoñecidos en 2015 pola suma dos padróns bimensuais/trimestrais: 83.000,00 en concepto de distribución de auga e 96.000,00 euros en concepto de recollida de lixo.

3.2.- Taxas pola prestación de sevizos públicos de carácter social e preferente (conceptos 312 e 313)



O criterio é o mesmo que o empregado no apartado anterior, os dereitos recoñecidos e recadados en 2014.

3.3.- Taxas pola realización de actividades de competencia local (conceptos 322, 325 e 329)

Prevense recoñecer 1.000 euros en concepto de taxa pola concesión licenzas de primeira ocupación, 500 euros pola taxa por expedición de documentos e 600 polas licenzas de actividade. Todas estas previsións se basan nos dereitos recoñecidos en 2015.

3.4.- Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local (conceptos 331 a 339). Prevense 893.000 euros en concepto de Taxa pola explotación do solo, subsolo e voo da vía pública por empresas explotadoras de servizo de subministro eléctrico, por aplicación da Ordenanza Fiscal Municipal. Os dereitos recoñecidos ata a data ascenden aproximadamente a 916.000,00 euros, contía igual que a recadada. Por prudencia, a cantidade orzamentada é menor que os dereitos recoñecidos posto que os ingresos procedentes da compañía Unión Fenosa en ocasións varían considerablemente no terceiro e cuarto trimestre do exercicio.

3.5.- Precios Públicos (conceptos 341, 342, 343 e 349)

Base empregada: as previsións efectúanse en base ao que se prevé recoñecer, que nestes conceptos é practicamente coincidente co que se prevé recadar: servizo de axuda no fogar (aproximadamente 120.000,00 €), actividades de ocio e tempo de lecer e cursos impartidos polo Concello e prestación de servizos con persoal municipal (aproximadamente 5.50,00 €), prestación de servizos deportivos (12.800,00 €) e prestación de servizos da escola municipal de música (en contía aproximada de 2.500,00 €).

3.6.- Outros ingresos.

Para cada un dos subconceptos a previsión de 2016 calculouse en función dos ingresos realizados nos últimos exercicios e asímesmo tívose en conta o importe dos dereitos recoñecidos en cada un deles e deducidos do avance da liquidación do Orzamento do exercicio 2.015.

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES

4.1.- Participación nos tributos do Estado (subconcepto 420.00)

A previsión de ingresos por participación nos tributos do Estado ascende a 661.200,00 euros. A estimación realizouse considerando o importe das entregas a conta durante 2015 (55.100,00 €/mes). A previsión para 2016 é superior á de 2015 posto que durante o presente exercicio procedeuse á amortización total da débeda adquirida como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009. A liquidación negativa correspondente ao exercicio de 2013 está previsto que se cancele na participación dos tributos do Estado correspondente ao mes de novembro de 2015.

Por prudencia, non se prevé importe ningún en concepto de liquidación da PIE de 2014.

4.2.- Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia (subconcepto 450.01)

A previsión de ingresos ascende a 236.600,00 euros, idéntica á de 2015. A estimación realizouse considerando o importe das entregas a conta de 2015. Non se prevé nada en concepto de liquidación positiva de 2014.

4.3.- Subvencións da Administración Xeral da Comunidade Autónoma:

Outras transferencias (subconcepto 450.80): prevense as seguintes subvencións ou transferencias:

-Da Consellería de Sanidade, axuda para atención primaria e dependencia: 215.000,00 euros. O aumento trimestral polas novas horas concedidas ascende a 18.000,00 euros.

-Da Consellería de Xustiza, axuda para o financiamento do Xulgado de Paz, 2.200,00 €

CAPÍTULO 5. INGRESOS PATRIMONIAIS

Para cada un dos subconceptos que integran este capítulo a previsión para 2016 calculouse en función dos ingresos, practicamente taxados, recoñecidos en 2.015.

5.1.- Xuros de contas e depósitos (subconcepto 520):

Previsión: 35.000,00 €.

5.2.- Arrendamentos de fincas (subconceptos 541 e 542)

Previsión: 8.020,00 €.

Recóllese o aluguer abonado polos titulares das vivendas de Agramonte, da vivenda utilizada como clínica veterinaria, do local do Concello ubicado na Avenida Diputación e do aluguer aboado por Vodafone para servizos xerais en San Cristovo.

5.3.- Explotacións (subconcepto 559)

Previsión: 19.400,00 €

Recóllese o prezo abonado polo arrendatario da cafetería do Centro Cívico e do aluguer abonado por Vodafone España, S.A. pola colocación da estación base.

INGRESOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL

Os ingresos previstos son os seguintes:

1.- No concepto 761, a aportación da Diputación Provincial ao POS 2016, 13.084,27 euros así como a anualidade prevista do Convenio asinado en 2015 para a mellora de vias de titularidade local, por importe de 128.215,73 euros.

O Estado de Ingresos así confeccionado ten por obxectivo acadar o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria consagrado na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril. O capítulo 1 por enteiro prevese en base á recadación prevista e igualmente moitos dos conceptos do capítulo 3 tamén seguen este criterio, a pesares de que, aos efectos da presupostación da Administración Local, rexe o principio de devengo e non o de caixa.

Bases empregadas para a avaliación das operacións de crédito previstas.

Durante 2016 non se ten previsto recurrir a ningunha operación de crédito para financiar os investimentos, posto que existen recursos propios suficientes.

As previsión de ingreso dos capítulos 1 a 7 resultan polo tanto suficientes para financiar o total do orzamento.

Suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos.

a) Por razón dos compromisos e débedas esixibles.-

No Estado de gastos prevéronse, coa debida especificación, os créditos necesarios para satisfacer os gastos ordinarios anuais, tanto os de persoal coma os de material e servizos, así como as transferencias que precisan o bo funcionamento dos servizos.

O capítulo 1º de gastos, que recolle os de persoal, tense presupostado de acordo coa plantilla de persoal e coas retribucións que lles corresponde. Existen dúas prazas vacantes, unha delas derivada da xubilación de unha traballadora en 2012 e outra destinada para promoción interna de grupo AP a C2.

Este capítulo e as súas previsións están debidamente fundamentados no anexo de persoal que acompaña ao presente Orzamento.

Pola súa banda o capítulo 6º "Investimentos Reais", ten o seu fundamento no anexo de investimentos para o presente exercicio, e no mesmo recóllese con detalle os fondos que van dar cobertura a este capítulo, polo que os créditos previstos son suficientes para atender o custo dos investimentos a realizar.



CONCELLO DE XOVE

No capítulo 4º recólense as transferencias correntes que se prevén realizar de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento. O presupostado é máis que suficiente para facer fronte a este tipo de gastos.

Considérase polo tanto suficiente a partires dos antecedentes e parámetros actuais que a consignación orzamentaria que se plantexa é a oportuna para os compromisos e débedas esixibles a este Concello para o exercicio de 2016.

b) Por razón dos gastos de funcionamento dos servizos.

Consígnanse créditos suficientes para atender os gastos derivados dos seguintes servizos:

- Aportacións municipais a entidades e institucións nas que participa o Concello
- Contratos asinados con empresas e institucións para a execución dos servizos municipais. Tívoise en conta o incremento que ó comenzo de cada ano sofren os respectivos servizos así como unha posible revisión de prezos dos servizos contratados en réxime de arrendamento.
- Finalmente, dotáronse presupostariamente cantidades para atender aos demais gastos correntes que requira a prestación dos demais servizos municipais.

Polo exposto entende esta Alcaldía que as previsións que quedan reflectidas neste informe non só logran a efectiva nivelación presupostaria, senon que supoñen a expresión económico financeira do que este Concello de Xove representa, e dan a debida cobertura ós gastos e ingresos para o próximo ano 2.016, axustándose ao previsto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo.

En Xove, a 3 de decembro de dous mil quince

O Alcalde-Presidente,

Asdo. Demetrio Salgueiro Rapa

